

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

*RESOLUCIÓN do 30 de maio de 2023 pola que se redistribúen os créditos orzamentarios por epígrafes recollidos na Resolución do 2 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para a planificación enerxética de entidades locais e comunidades enerxéticas, anualidade 2023 (código de procedemento IN418E).*

Mediante a Resolución do 2 de marzo de 2023, que foi publicada no DOG número 52, do 15 de marzo de 2023, establecéronse as bases reguladoras e anunciouse a convocatoria de subvencións para a planificación enerxética de entidades locais e comunidades enerxéticas.

O artigo 4.1 das bases reguladoras prevé a posibilidade de redistribuír o orzamento se, pasado un mes desde a apertura do prazo de solicitudes, nalgunha das epígrafes non se rexistraron solicitudes suficientes para esgotar os fondos dispoñibles e noutra das epígrafes existe lista de espera. O prazo de presentación de solicitudes comezou o día 28 de marzo. Transcorrido máis dun mes, polo momento non se rexistraron solicitudes suficientes para esgotar os fondos dispoñibles na epígrafe correspondente á planificación enerxética de concellos e, porén, existe lista de espera na epígrafe de planificación enerxética de comunidades enerxéticas.

O artigo 31 do Decreto 11/2009 establece que cando a contía total máxima das subvencións convocadas se distribúa entre distintos créditos orzamentarios, a alteración da dita distribución non precisará de nova convocatoria pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria.

Por todo o anterior, e dado que nas aplicacións orzamentarias correspondentes existe crédito dispoñible, que as solicitudes de axudas asociadas á liña de planificación enerxética de comunidades enerxéticas superaron o orzamento previsto na convocatoria, e coa finalidade de incrementar a eficacia administrativa e a eficiencia na asignación de recursos públicos,

**RESOLVO:**

Primeiro. Redistribuír os fondos destinados ás subvencións para planificación enerxética de entidades locais e comunidades enerxéticas en función do volume de solicitudes

CVE-DOG: igi78gl5-1vj4-8g16-8ov7-f89e61ms2xk2



recibido, modificando a táboa do artigo 4.1 da Resolución do 2 de marzo de 2023 do seguinte xeito:

Dotación orzamentaria inicial:

| Distribución por liña de axuda                      | Orzamento (€) |
|-----------------------------------------------------|---------------|
| Planificación enerxética de concellos               | 500.000,00    |
| Planificación enerxética de comunidades enerxéticas | 100.000,00    |
| Total                                               | 600.000,00    |

Modificación orzamentaria:

| Distribución por liña de axuda                      | Orzamento (€) |
|-----------------------------------------------------|---------------|
| Planificación enerxética de concellos               | -150.000,00   |
| Planificación enerxética de comunidades enerxéticas | +150.000,00   |
| Total                                               | 0,00          |

Dotación orzamentaria final:

| Distribución por liña de axuda                      | Orzamento (€) |
|-----------------------------------------------------|---------------|
| Planificación enerxética de concellos               | 350.000,00    |
| Planificación enerxética de comunidades enerxéticas | 250.000,00    |
| Total                                               | 600.000,00    |

Segundo. A presente modificación, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non implicará a modificación do prazo establecido para presentar solicitudes.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2023

Pablo Fernández Vila  
Director do Instituto Enerxético de Galicia

